

## **PREGUNTA DE AER SOBRE O CONSELLO FORESTAL**

PLENO 25 SETEMBRO 2014. ACTA 13/2014

Sobre consello forestal. A finais de xuño presentamos unha moción sobre dinamización forestal, moción que non foi tratada ata o pleno ordinario do 31 de xullo.

Ante a insistencia dos voceiros de PP, PSOE e BNG, o voceiro de AER decidiu retirala para que se debatera no Consello Forestal Municipal. Nesa sesión plenaria, o presidente do Consello Forestal, o concelleiro Cándido Vilaboa, comprometeuse a convocar no mes de setembro unha sesión do Consello Forestal. A día de hoxe, vemos que, outra vez, un membro do goberno local volve faltar á súa palabra, e non se ten convocado este Consello; polo que **preguntamos**:

**Xa que non cumpre coas súas obrigas respecto da presidencia do Consello Forestal e vista a clara intención do goberno do PP para que este foro non funcione, ten pensado vostede dimitir dese posto que ten totalmente desatendido e deixar que outra persoa con máis interese se ocupe del, ou prefere que dende AER se pida directamente a súa dimisión?**

*O concelleiro VILABOA FIGUEROA di que se está a traballar no tema coas comunidades de montes. Convocarase tan pronto se poida.*